

**TRIBUNAL CALIFICADOR PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A
MEDIO DE INFORMÁTICO/A DA ESCALA DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL
(SUBGRUPO A2) DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

A N U N C I O RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS Á PRIMEIRA PROBA

Mediante anuncio de 21 de xuño de 2024 publicouse no Taboleiro de Edictos e na web do Concello de Santiago de Compostela o cuestionario tipo test e o cadro con indicación das respostas correctas do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas para proveer una praza de técnico/a medio de informático/a da escala de administración especial (subgrupo A2).

As bases específicas que rexen a convocatoria, publicadas no BOP da Coruña do 16 de xaneiro de 2024, establecen no apartado 3 da base sexta que: "...o órgano de selección publicará na páxina web e no taboleiro de edictos a relación de respostas correctas ás preguntas formuladas. As persoas interesadas poderán presentar as alegacións que consideren oportunas referidas ás preguntas, ao seu contido e ao cadro de respostas correctas, no prazo de 5 días hábiles, contados desde o seguinte ao da súa publicación".

Examinadas as alegacións presentadas en tempo e forma, o Tribunal Cualificador das probas selectivas para a provisión dunha praza de técnico/a medio de informático/a da escala de administración especial (subgrupo A2), adoptou os seguintes acordos:

Primeiro: ESTIMAR as alegacións presentadas ás preguntas que se sinalan a continuación e polos motivos que debidamente se expoñen:

- **Pregunta 31.-** O tribunal, logo de deliberar sobre o alegado, acorda a anulación da pregunta xa que considera que algunha das respostas podería ocasionar unha interpretación confusa. A pregunta 31 substitúese pola pregunta de reserva 4.
- **Pregunta número 32.** O tribunal, logo de deliberar sobre o alegado, acorda a anulación da pregunta xa que considera que algunha das respostas podería ocasionar unha interpretación confusa. A pregunta 32 substitúese pola pregunta de reserva 1.
- **Pregunta 69.** O tribunal, logo de deliberar sobre o alegado, acorda a anulación da pregunta, xa que considera que algunha das respostas podería ocasionar unha interpretación confusa. A pregunta 69 substitúese pola pregunta de reserva 2.
- **Pregunta 83.-** O tribunal, logo de deliberar sobre o alegado, acorda a anulación da pregunta xa que considera que algunha das respostas podería ocasionar unha interpretación confusa, pois hai algunha distribución de Linux que inclúe outros comandos incluídos como respostas alternativas. A pregunta 83 substitúese pola pregunta de reserva 3.
- **Pregunta de reserva 6.** O tribunal logo de deliberar sobre o alegado acorda que procede a anulación da pregunta, xa que o Tribunal verificou que si podería existir algunha vulnerabilidade coñecida. Esta pregunta se anula e non será considerada como reserva.

Segundo: DESESTIMAR as alegacións presentadas ás preguntas que se sinalan a continuación por los motivos que debidamente se expoñen:

- **Pregunta 74.** O tribunal, logo de deliberar sobre o alegado, acorda que non procede a anulación da pregunta, xa que SNMP non é unha técnica de monitorización, senón un protocolo de comunicación, polo que non aplica a xustificación alegada.
- **Pregunta 68.** O tribunal logo de deliberar sobre o alegado acorda que non procede a anulación da pregunta, xa que a formulación da mesma refírese especificamente a un “*despliegue basado en contenedores*”, polo que non aplica la xustificación alegada.
- **Pregunta 84.** O tribunal logo de deliberar sobre o alegado acorda que non procede a anulación da pregunta, xa que aínda que calquera elemento de monitorización podería introducir certa latencia, non supón unha desvantaxe potencial, nin significativa.
- **Pregunta 85.** O tribunal logo de deliberar sobre o alegado acorda que non procede a anulación da pregunta, xa que o enunciado da pregunta indica expresamente “limitación común”. A opción d) non é unha funcionalidade propia dun WAF, polo que non se estima a argumentación exposta.
- **Pregunta de reserva 7.** O tribunal, logo de deliberar sobre o alegado, acorda que non procede a anulación da pregunta, xa que non se estima o argumentado porque a propia páxina Swagger indica o reflectido na opción c) das pregunta e, ademais, ningunha das outras tres respostas sería correcta.

Como consecuencia da estimación das alegacións presentadas ás preguntas 31, 32, 69, 83, e a 6 de reserva e os acordos adoptados, estas preguntas quedan anuladas, non computándose as súas respostas.

As preguntas anuladas son substituídas polas preguntas de reserva 1,2,3,4 , que serán as que o Tribunal teña en conta no seu lugar, para outorgar as cualificacións ao primeiro exercicio do proceso selectivo.

Tras a revisión da corrección dos exames correspondentes ao primeiro exercicio da oposición, aplicando os criterios establecidos nas Bases específicas que rexen a convocatoria deste proceso, tras substituír as preguntas: 31, 32, 69 e 83 polas de reserva 1, 2, 3, 4 OUTÓRGANSE AS SEGUINTE PUNTUACIÓNS:

Persoa aspirante	Cualificación	Puntuación
Alejandro López Martín ***7440**	Non apto	-
Pablo Alberto Villa Vieiro ***2836**	Apto	15,66
Antonio Martínez Suárez ***	Non apto	-
Jesús Luis Parada Vilas ***	Apto	21,112
Rosana Durán Sanlés ***6302**	Apto	17,864
Breixo Paz González ***8824**	Apto	21,692

O tribunal acordou que o segundo exercicio da oposición deste proceso selectivo celebrárase o día 12 de setembro de 2024, ás 10:00 horas no centro cultural Maruxa e Coralia (Praza Salvador Parga, 4)

Contra este acordó poderá interpor recurso de alzada perante o concelleiro de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación del presente anuncio de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico das Administraciones Públicas e do Procedemento Administrativo Común, sen perxuizo de que se poda interpor calquiera outro recurso que estimen pertinente ao abeiro do artigo 58.2 da citada Ley.

Santiago de Compostela, 2 de xullo de 2024

A secretaria do Tribunal